



BANDO

COWORKING CELANOVA

Don **JOSÉ LUIS FERRO IGLESIAS**, en calidade de Alcalde do Concello de Celanova

Fago saber:

A Xunta e a Fundación Escola de Organización Industrial (EOI) formarán a emprendedores na aceleradora que se impulsa en Celanova.

O obxectivo da iniciativa, enmarcada dentro da Rede de Aceleradoras da Xunta, é impulsar o reequilibrio da actividade empresarial sobre o territorio e aumentar as posibilidades de éxito dos proxectos emprendedores.

A actuación impulsada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape, e o Ministerio de Industria, a través da Fundación Escola de Organización Industrial (EOI), permitirá ós emprendedores recibir formación e asesoramento gratuito no Auditorio Municipal de Celanova.

O obxectivo prioritario desta iniciativa é acelerar o desenvolvemento de proxectos empresariais sobre o territorio; incrementando a probabilidade de éxito das ideas impulsadas polos emprendedores nun período limitado de tempo, identificando aqueles con maior potencial de desenvolvemento e facilitando a súa posta en marcha e consolidación.

Haberá catro convocatorias sucesivas que se desenvolverán durante uns 5 meses cada unha e que poderán acoller, en cada caso, a máis de 60 emprendedores-impulsores dun máximo de 22 proxectos por convocatoria.


Inscrición: <https://www.eoi.es/es/espacios-coworking/celanova>

Prazo: ata 15 de xullo

Para máis información poden dirixirse ás dependencias do Concello.

Celanova, 7 de xullo de 2016

O Alcalde



Concello de Celanova